

# Información

©Terán preferencia os nenos e nenas empadroadas no Concello da Coruña.

© A Concellaría de Xustiza Social e Coidados poderá reservar ata o 20 % das prazas ofertadas para persoas beneficiarias de programas sociais.

© Na preinscrición poderán solicitarse ata dúas quendas de campamento tradicional, indicando a orde de preferencia.

©No caso de que se detecte mais de un impreso de solicitude para un mesmo neno ou nena, anularánselle todas.

©No momento no que se entregue a preinscrición, asignaráselle un número, que será o número para o sorteo. Os nenos e nenas que soliciten praza de NEE terán unha numeración e sorteo propio.

©Si a primeira ou a última praza adxudicada corresponde a un menor con un irmán ou unha irmá preinscrito/a na mesma quenda e cun número de preinscrición correlativo, ambos obterán a praza.

©Ofértanse 4 prazas repartidas nas 4 quendas, para nenos e nenas con necesidades educativas especiais (NEE) ou discapacidade, en grao que non lles impida participar nas actividades co grupo. Contarán con monitorado de apoio que non realizará tarefas de carácter hixiénico ou sanitario.

©No momento da preinscrición, si se solicita praza de NEE ou discapacidade, entregarase tamén unha ficha de coñecemento persoal (esta ficha proporcionarase no centro cívico), o que nos vai a permitir coñecer e planificar os apoios necesarios.

©Os rapaces e rapazas que soliciten praza de NEE, terán unha numeración e un sorteo propio.

©As listaxes de admisións e as de reservas poderanse consultar nos centros cívicos, na web [www.coruna.gal/serviciosociales/es](http://www.coruna.gal/serviciosociales/es) ou no Teléfono 010.

©No momento de formalizar a inscrición, abonarase o custo do campamento e cubriranse as autorizacións e cuestionarios necesarios. Tamén será necesario entregar unha fotocopia da tarxeta sanitaria do/da menor

©Unha vez formalizada a inscrición non se terá dereito á devolución do custo do campamento excepto por causas imputables ó prestador do servizo.

© Non formalizar a inscrición no prazo e horario establecido supón a perda do dereito á praza.

©Os nenos e nenas que figuren na listaxe de reserva, serán avisados telefonicamente no caso de que se lles adxudique praza.

## Reunións informativas


Antes de iniciar cada unha das quendas do campamento tradicional haberá reunións nas que infomarse polo miúdo de todo relativo ao campamento e quenda correspondente.

Atenderanse tamén as dúbidas ou cuestións puntuais que as persoas interesadas expoñan.

As datas das reunións informativas de cada quenda comunicaranse no momento da inscrición.

# CAMPAMENTOS MUNICIPAIS TRADICIONAIS

# 2019



## Para rapaces e rapazas de 8 a 16 anos

(cumpridos no momento da preinscrición)



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



CORUÑA  
PRÓXIMA

CONCELLARÍA DE XUSTIZA SOCIAL E COIDADOS

# Preinscrición

## DATOS DA NENA OU DO NENO

Nome \_\_\_\_\_

Data de nacemento \_\_\_\_\_

Empadroad/a no Concello da Coruña \_\_\_\_\_

Domicilio \_\_\_\_\_

## DATOS DA NAI/PAI, OU TITOR/A LEGAL

Don/Dona \_\_\_\_\_, con

DNI \_\_\_\_\_ preinscribe á menor/ao me-

nor segundo a seguinte orde de preferencia:

	QUENDA
1ª opción	
2ª opción	

Teléfonos \_\_\_\_\_//\_\_\_\_\_

Praza para menores con necesidades educativas especiais (NEE) ou discapacidade \_\_\_\_\_

Número  
Solicitud  
xeral

Número  
Solicitud  
NEE

Co fin de cumprir co artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos proporcionados pasarán a formar parte dun ficheiro, do cal será responsable o Concello da Coruña e cuxa finalidade é a de xestionar os campamentos tradicionais realizados pola Concellaría de Xustiza Social e Coidados. A persoa que asina declara que son certos todos os datos contidos na presente solicitude e autoriza ao Concello da Coruña a comprobar a veracidade dos datos facilitados. A falsidade ou ocultación de datos, conlevaría a anulación da solicitude e a retirada dos dereitos que se obtivesen.

Asinado:

A Coruña, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2019

# Campamentos tradicionais

Nas catro quendas dos campamentos tradicionais realizaranse actividades de multiaventura. Aprenderanse valores relacionados coa cultura do deporte e o respecto á natureza.

## PRAZAS

45 prazas por quenda

## QUENDAS

⇒ Para rapaces e rapazas de 8 a 11 anos

⊙ QUENDA 1: do 7a 13 xullo

⊙ QUENDA 3: do 4 ao 10 de agosto

⇒ Para rapazas e rapaces de 12 a 16 anos

⊙ QUENDA 2: do 14 ao 20 de xullo

⊙ QUENDA 4: do 11 ao 17 de agosto

CUSTO: 85€ por patricipante e quenda

É necesario ter cumprida a idade requirida para cada quenda no momento da preinscrición.

A saída será as 9.30 h da mañá, o primeiro día de cada quenda, e o regreso será o último día da quenda ás 21.00 h aproximadamente.

## SEDE DO CAMPAMENTO

Albergue A Vilavella

Concello da Mezquita

Provincia de Ourense

# Datas importantes

## PREINSCRICIÓN

No centro cívico de Monelos, os días 4, 6 e 7 de maio, de 11.00 a 13.30 e de 17:00 a 20:00 h.

## SORTEO PÚBLICO

No centro cívico de Monelos o 7 de maio as 20.15 h.

LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E DE RESERVAS  
30 de maio

Poderán consultarse nos centros cívicos, na web [www.coruna.gal/servizossociais./es](http://www.coruna.gal/servizossociais./es) e no Teléfono 010

As persoas que figuren na listaxe de agarda serán avisadas telefónicamente no caso de resultar admitidas.

## INSCRICIÓN

No centro cívico de Monelos, os días 6, 7 e 8 de xuño, de 11.00 a 13.30 e de 17:00 a 20:00 h.

Para formalizar a inscrición será necesario:

- ⊙ Abonar o custo do campamento
- ⊙ Achegar unha fotocopia da tarxeta sanitaria
- ⊙ Asinar as correspondentes autorizacións

## RESGARDO DE PREINSCRICIÓN

----- prescribiuse nos campamentos tradicionais, na seguinte orde de preferencia

OPCIÓN	QUENDA
1ª	
2ª	

Número  
Solicitud  
xeral

Número  
Solicitud  
NEE